

PLAN XERAL ANUAL

CURSO ESCOLAR

2014 - 2015

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO
 - 2.1. OBXECTIVOS XERAIS
 - 2.2. AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO
 - 2.3. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN TIC
 - 2.4. CONCECIÓN ANUAL DO PLAN LECTOR
- 3.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA DIRECCIÓN
- 4.- OBXECTIVOS DE NIVEL/CICLO
 - 4.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL
 - 4.2. OBXECTIVOS DO 1º /2º CURSOS DE PRIMARIA
 - 4.3. OBXECTIVOS DO 3º/4º CURSOS DE PRIMARIA
 - 4.4. OBXECTIVOS DO 5º/6º CURSOS DE PRIMARIA
- 5.- PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
6. BIBLIOTECA
 - 6.1. PLAN ANUAL DE LECTURA (VER ANEXO I)
- 7.- COMISIÓN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN
 - 7.1. OBXECTIVOS
- 8.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - 8.1. OBXECTIVOS
- 9.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA
 - 9.1 OBXECTIVOS
- 10.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO
- 11.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO
 - 11.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA
 - 11.1.1. EQUIPO DIRECTIVO
 - 11.1.2. PROFESORADO
 - 11.1.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - 11.1.4. COMISIÓNS
 - 11.1.5. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA
 - 11.1.6. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS
 - 11.1.7. COMISIÓN DE COORD. DA AVAL. DIAGNÓSTICA
 - 11.2. PERSOAL NON DOCENTE
 - 11.3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
 - 11.4. ESTATÍSTICA DE ALUMNADO Ó COMEZO DE CURSO
- 12.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS Ó. COLEXIADOS E DO E. DIRECTIVO
- 13.- VIXILANCIA NOS RECREOS

- 14.- HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PARA A SÚA ELABORACIÓN
- 15.- ORGANIZACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE
- 16.- ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS
- 17.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
 - ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
 - 17.1. OBXECTIVOS
 - 17.2. SAÍDAS ESCOLARES A REALIZAR NESTE CURSO
- 18.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR
- 19.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
- 20.- PARTICIPACIÓN PROFESORADO EN PROXECTOS
- 21.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO
- 22.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA
- 23.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS
- 23.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO (INTERNA)
 - ANEXO I (PLAN ANUAL DE LECTURA)
 - ANEXO II (QUENDAS DE ENTRADAS/TRANSPORTE/RECREOS/LECTURA)
 - ANEXO III (HORARIOS DE GRUPOS E PROFESORADO)
- CERTIFICACIÓN DA AVALIACIÓN DO PLAN XERAL ANUAL POLO CLAUSTRO / CONSELLO

1.- Introducción.

No actual curso escolar a plantilla de docentes do CEIP Emilia Pardo Bazán víuse reducida, a pesares do incremento de alumnado de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Os compromisos asumidos no curso pasado por parte da Inspección Educativa non se fixeron realidade no comezo deste curso, dificultando notablemente o cumprimento dos principios de normalización, integración e atención personalizada do alumnado con NEAE.

O cumprimento dos prazos de execución das obras de construción do novo edificio que acollerá a todo o 2º ciclo de educación infantil así coma o comedor escolar, permitirá que no 2º e 3º trimestre do actual curso escolar o citado edificio estea a disposición da comunidade educativa.

A Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) iníciase coa implantación nos niveis de 1º-3º-5º cursos de educación primaria, dando paso a un novo marco lexislativo que obrigará á convivencia de diferentes leis educativas. A desaparición dos ciclos dará paso, neste centro, a organización do profesorado en Equipos de Nivel, agás en Educación Infantil que manterá a estrutura de ciclo. Neste novo contexto normativo a dirección do centro escolar terá que asumir novas funcionalidades na xestión e organización do colexio, en detrimento da representatividade outorgada anteriormente ao Claustro de Profesores e ao Consello Escolar. O actual equipo directivo desenvolverá as accións necesarias para o cumprimento da LOMCE esforzándose en manter un centro participativo, flexible e receptivo ás propostas do entorno.

Así mesmo manteremos o compromiso adquirido en cursos anteriores de potenciar a presenza da lingua galega nas actividades diarias do centro escolar.

Ante as dificultades económicas amosados no curso anterior por parte dalgunhas familias, para asumir os custos do teatro en inglés, no actual curso escolar realizaranse catro representacións dirixidas ao alumnado de 2º-4º-6º cursos de primaria e INF6º curso. Estas actividades serán subvencionadas na súa totalidade pola ANPA Milnen@s (primaria) e o propio colexio (infantil).

O Proxecto Abalar continuará avanzando no seu desenvolvemento no 3º ciclo de educación primaria. A utilización das Tecnoloxías da Comunicación e da Información (TIC) nos procedementos de xestión, ensino-aprendizaxe e comunicación favorecerán á obtención de mellores resultados en tódolos ámbitos da nosa comunidade educativa. Tralas conclusións obtidas na enquisa realizada o pasado curso sobre o uso das TIC no noso centro, o 60 % do profesorado participará nun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

Continuaremos co apoio a tódolos proxectos que acheguen o mundo da natureza ao noso alumnado, tales como o plan de horto escolar e Voz Natura, favorecendo cos investimentos necesarios o seu desenvolvemento.

2.- Obxectivos xerais a conseguir neste curso.

2.1. Obxectivos xerais.

- Actualizar o Proxecto Educativo de Centro.
- Actualizar o Plan de Acción Titorial.
- Actualizar o Proxecto Lingüístico do Centro .
- Incluir no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual a idea da necesidade da lectura.
- Vivenciar a horta escolar como vínculo de unión entre todo o colexio utilizando todas as Comisións que funcionan no colexio.
- Manter a oferta de actividades dirixidas a pais/nais sobre técnicas de estudo, hábitos e estratexias da aprendizaxe co alumnado de 1º ata 6º curso de educación primaria.
- Constituír a Comisión de Auto-protección escolar.
- Renovar parcialmente os membros do Consello Escolar que correspondan.

2.2. Avaliación de diagnóstico.

No presente curso escolar no seno do Claustro de Profesorado constituíuse a Comisión para a Avaliación Diagnóstica. Esta avaliación corresponderá ao alumnado escolarizado en 4º curso de educación primaria.

Con respecto ós resultados obtidos na proba aplicada o curso anterior, os equipos de nivel, baixo a supervisión da Comisión de Coordinación Pedagóxica buscarán as medidas correctoras que estimen oportunas.

2.3. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC.

Continuaremos coa súa concreción anual e organizaremos o uso dos recursos cos que conta o centro para que as TIC formen parte da actividade diaria nas aulas do noso centro. Por iso, os obxectivos que propoñemos este curso son similares aos do pasado, engadindo algúns e completando outros, tendo moi presente a enquisa TIC realizada ás familias no pasado mes de abril.

Asimesmo, faise precisa a mellora na formación do profesorado para facilitar o aproveitamento dos recursos dispoñibles. Con esta finalidade solicitarase ao Centro de

Formación e Recursos un Plan de Formación Permanente do Profesorado, que conste de dous itinerarios (en función do nivel de destrezas do profesorado en materia de TIC): un básico (que inclúa o traballo no dominio das competencias esenciais para o manexo das ferramentas TIC) e outro máis avanzado (que profunde na introdución do uso da aula virtual no noso centro, publicación de prácticas educativas na rede...).

A tal efecto o profesorado participará nun PFPP con dous itinerarios formativos:

- *Utilización na docencia das ferramentas TIC básicas.*
- *Uso das potencialidades da aula Abalar e manexo da aula virtual.*

2.4. Concreción anual do Plan Lector.

(Ver Anexo I)

3. Liñas prioritarias de actuación para acadar no actual mandato da Dirección.

OBXECTIVO 1: Afondar na implicación de todo o profesorado no desenvolvemento dos distintos Plan de Centro: Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia.

- O Plan Lector, mediante un horario específico establecido xa no centro, dinamizado a través da Comisión de Biblioteca, dirixido pola coordinadora do mesmo.
- O Plan de Convivencia, a través da Acción Titorial dirixida pola Xefatura do Departamento de Orientación.
- O Plan Lingüístico, a través do traballo diario e dinamizado a partir das propostas do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, encabezado pola súa coordinadora.
- O Plan TIC, coa difusión entre o profesorado de distintas metodoloxías a aplicar.

OBXECTIVO 2: Mellorar a xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais, unha educación de calidade acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado e adaptada as súas necesidades. Garantindo unha igualdade efectiva de oportunidades, equidade, baseada na atención á diversidade e prestando os apoios necesarios. Crear unha escola con dous piares básicos “aprender a aprender” e “aprender a convivir”.

OBXECTIVO 3: Afondar no fomento dunha educación para a igualdade e a coeducación evitando os comportamentos sexistas. Implicando dun xeito máis directo á persoa encargada de coeducación, nomeada no seo do Consello Escolar, coa elaboración ou adquisición de recursos e estratexias didácticas.

OBXECTIVO 4: Afondar na dinamización dos órganos de goberno e coordinación docente. Impulsando a participación nestes órganos de todos os colectivos da comunidade

educativa, para basear dun xeito máis efectivo o funcionamento do centro nesta participación. Implicando a todos/as dun xeito real, nas decisións dos equipos de traballo, ciclos e órganos colexiados, obrigándonos e responsabilizándonos a todos.

OBXECTIVO 5: Revisar o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e integrar nel todos os plans (Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia, Plan xeral de atención á diversidade, Plan de Orientación e Acción Titorial) adaptándoos á lexislación vixente; así como, a introdución das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) coas adendas aprobadas nos últimos cursos referidas ao reagrupamento do alumnado ao finalizar cada ciclo e a atención do alumnado nas entradas e saídas do centro escolar.

OBXECTIVO 6: Continuar co traballo de coordinación internivelar e unificar criterios metodolóxicos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica .

OBXECTIVO 7: Elaborar o Plan de Auto-protección escolar. Establecendo os contactos necesarios cos responsables municipais e autonómicos dos servizos de emerxencias, unidade técnica de educación, e outros servizos que se precisen.

OBXECTIVO 8: Continuar traballando a prol da lingua galega, participando naquelas convocatorias de actividades de innovación educativa que xurdan por parte dos diferentes entes oficiais.

OBXECTIVO 9: Solicitar das administracións públicas as melloras infraestruturais necesarias, así como velar polo cumprimento da construción do novo edificio para educación infantil e comedor escolar.

OBXECTIVO 10: Continuar coa transformación do colexio nun centro dixital, tanto nos aspectos didácticos coma nos referidos ás canles de comunicación entre tódolos sectores da comunidade educativa.

4. Obxectivos de ciclo.

4.1. Obxectivos de educación infantil.

A proposta de obxectivos de ciclo para a PXA é a seguinte:

- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Adquirir hábitos básicos saudables e actuar autónomamente nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Continuar co proxecto de lectura.
- Dar a coñecer algunhas das actividades de educación infantil a través da revista en liña, web do cole e distintos soportes de web 2.0, ademais de exposicións no propio recinto escolar.

- Achegar, na medida do posible, ao alumnado as TIC.
- Fomentar o respecto cara a outras linguas diferentes da propia.
- Respectar distintos grupos sociais próximos valorando, as súas características, producións culturais, e formas de vida.
- Potenciar o desenvolvemento da linguaxe oral incidindo nos alumnos con NEAE.
- Dedicar cada día da semana a un tipo diferente de alimento na merenda escolar.
- Acadar que todas as aulas dispoñan de papeleiras de reciclaxe.
- Adaptar a programación didáctica ao novo currículo.
- Concienciarse da redución de residuos a través do almorzo de media mañá.
- Participar no Proxecto Voz Natura a través da horta escolar.
- Fomentar un clima respetuoso entre o alumnado.

4.2. Obxectivos do primeiro/segundo cursos de primaria.

- Considerar como obxectivo prioritario a adquisición das técnicas de lecto-escritura e de calculo, insistindo unha vez mais na importancia da colaboración familiar.
- Incidir na necesidade de manter a atención para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia da mellora e conservación do contorno inmediato: aula, patio, corredores, horta... e seguir traballando na adquisición de hábitos saudables que contribúan á educación integral dos nenos e nenas e a mellora da súa calidade de vida.
- Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.
- Introducir ao alumnado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a integración e a atención a diversidade de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade.
- Traballar como centro de interese a loita contra a contaminación acústica.

4.3. Obxectivos de terceiro/cuarto cursos de primaria.

1. Potenciar a utilización da Lingua Galega para mellorar a competencia oral.
2. Desenvolver actividades destinadas a mellorar a atención dos alumnos.
3. Mellorar a competencia lectora do alumnado mediante as seguintes medidas:

- a) Desenvolver actividades lectoras incidindo nunha comprensión e entoación axeitadas.
 - b) Seguir co proxecto “Plan Anual de Lectura”.
 - c) Solicitar a colaboración dos pais/nais para que os seus fillos/as lean diariamente na casa.
 - d) Potenciar o uso da biblioteca escolar e o sistema de empréstitos.
4. Facilitar estratexias que impliquen a mellora do razoamento lóxico-matemático, coa resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, así como a súa aplicación en situacións da vida cotiá.
 5. Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo, valorando o esforzo para a consolidación das aprendizaxes.
 6. Desenvolver entre o alumnado, no ámbito do colexio e da aula, hábitos sociais tales como aprender a escoitar, non interromper e manter a atención ante calquera membro da comunidade educativa.
 7. Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos.
 8. Implicar ao alumnado no respecto polas instalacións do colexio e da súa contorna.
 9. Empregar o horto como recurso educativo, continuando co proxecto de Voz Natura.
 10. Mentalizar ao alumnado na defensa do Medio Ambiente, fomentando hábitos que contribúan a unha vida saudable.
 11. Promover traballos de investigación utilizando as novas tecnoloxías e a biblioteca como principal centro de recursos.

4.4. Obxectivos do quinto/sesto cursos de primaria.

Ó finalizar o 6º curso cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito os cambios que lle supón a incorporación ó ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos:

* Potenciar un ambiente de estudo e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ó inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga... manter silencio e atención ante as explicacións dos docentes.

* Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.

* Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.

* Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura. Con respecto á lectura incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:

- comprensión.
- velocidade adecuada
- entoación

En canto á escritura os aspectos priorizados serán:

- velocidade
- presentación
- adecuación léxica
- corrección sintáctica e ortográfica.
- Exposición de ideas con orde e claridade nos escritos de elaboración propia.

* Apreciar o uso do galego como lingua útil en calquera situación de comunicación.

* Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.

* Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa na súa aprendizaxe.

* Seguir a fomentar a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, etc, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.

* Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ó desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.

* Continuar a nosa participación no proxecto ABALAR. En Lingua Inglesa continuarase co traballo nos blogs.

* O profesorado de Inglés continuará co proxecto de mellora da competencia en expresión oral utilizando reagrupamentos.

* Apoiar e comprometermos coa actividade de teatro cuxa continuidade valoramos por considerala un complemento importante na formación do alumnado.

5. Plan Xeral do Equipo de Dinamización Lingüística.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, tras a súa constitución a principios de curso, decidiu que durante o presente curso 2014-2015 trataranse de levar a cabo os obxectivos que a continuación se expoñen, mediante a realización das actividades que se consideren oportunas:

- Actualizar o Proxecto Lingüístico do Centro.

- Fomentar o emprego do galego nas diferentes actividades que se levan a cabo no colexio para conseguir a mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Empregar recursos audiovisuais para a divulgación da lingua galega.
- Apoiar as iniciativas que axuden á divulgación dos diferentes aspectos da nosa cultura.
- Cooperar co Equipo de Actividades Extraescolares, na celebración das festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido e introdución aos Maios) e organizar actividades para conmemorar a Semana das Letras Galegas.
- Colaborar co equipo de Biblioteca Escolar na localización, rexistro e organización de material en lingua galega que se atopa en diferentes dependencias do centro; no coñecemento de novos materiais bibliográficos e audiovisuais; nas recomendacións de lecturas en lingua galega e na organización de sesións de contacontos en galego.
- Colaborar estreitamente co equipo das TIC para o coñecemento de novos recursos multimedia que permitan o fomento do galego e da nosa cultura e no emprego da web para a súa divulgación.
- Promover a relación interclases e niveis mediante a exposición oral en galego de traballos feitos na aula.
- Continuar fomentando a formación de grupos de teatro que empreguen o galego como linguaxe de expresión.
- Seguir co proxecto de dar a coñecer os nomes de elementos do contorno escolar en lingua galega, en colaboración co equipo de Horto Escolar/Voz Natura do colexio.
- Potenciar o emprego do galego escrito dunha forma útil mediante o uso da mascota do EDLG do colexio, organizando actividades nas que se anima ao alumnado a que expresen as súas ideas, opinións, experiencias, coñecementos,.... dun xeito lúdico.
- Manter unha avaliación continua dos proxectos que se van levando a cabo de cara a introducir melloras ou cambios.

6. **Biblioteca.**

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN Á:

○ **Organización e Xestión:**

Selección, adquisición, xestión e organización de novos fondos, en diferentes soportes, segundo as necesidades das aulas. Na selección de fondos tentaremos adquirir especialmente documentos de información e tamén en soporte multimedia, xa que é onde a B. E. está máis deficitaria. Tamén trataremos de realizar un expurgo importante na colección pois hai moitos documentos en mal estado ou obsoletos.

Co fin de difundir os fondos da colección, instalaremos en todos os ordenadores das aulas un enlace directo ao catálogo da B. E. en internet.

Para o traballo técnico, continuaremos a empregar o programa informático MEIGA de xestión bibliotecaria.

Aparte de catalogar as novidades, seguiremos coa introducción do código de barras nos rexistros bibliográficos anteriores ao volcado no programa MEIGA e que aínda non se rematou, debido á gran cantidade de documentos da nosa B.E. De paso, seguiremos completando estes rexistros bibliográficos máis antigos, introducindo a ubicación dos documentos, seccións, materias, etc. En definitiva, millorando o catálogo.

Tamén seguiremos introducindo a imaxe da portada dos documentos no noso catálogo en internet (www.opacmeiga.rbgalicia.org), pois pensamos que axuda a localizalos con máis facilidade e dá unha visión máis completa.

Préstamos: Seguiremos coa política de préstamos que seguimos ata agora. A Sala estará aberta durante toda a xornada escolar (de 9 h. a 14 h.) e, pola tarde, de 16 h. a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. O préstamo realizarase durante o recreo e pola tarde; tamén os titores poderán prestar á súa titoría.

- **Dinamización e Promoción dos recursos da B. E., a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado :**

Dinamización e promoción de recursos:

Exposicións temáticas e de novidades, datas conmemorativas, guías de lectura , publicación de artigos na revista dixital do Centro, encontros con escritores, ilustradores,

contacontos,...diplomas Leóns Dourados aos alumnos máis lectores, colaboración coa B. M. do barrio,...

Uso da Sala como centro de todo tipo de recursos: ordenadores, acceso a internet, canón de vídeo para proxeccións, xogos (xadrez), consulta do catálogo da nosa B.E. en internet (www.opacmeiga.rbgalicia.org).

Integración no tratamento do currículo e a súa contribución...:

Selección, préstamos ás aulas, exposicións,... dos materiais que podan facilitar a aprendizaxe nas distintas áreas e materias do currículo.

Uso da B.E. para realizar as búsquedas de información que necesite o alumnado, de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

o Formación de usuarios e Educación Documental:

Continuaremos coas actividades para lograr ser usuarios avanzados da B. E.

Realización de visitas á B. E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañado dos seus titores/as de cara a que vaian coñecendo pouco a pouco o espazo físico da B. E., os documentos organizados según a C.D.U. e os servizos que ofrece (libros, revistas, CD-rom, DVD, cintas de audio, ordenadores,...) para lograr no alumnado a autonomía no uso dos recursos que ofrece a B. E.

Uso da B. E. para facer búsquedas de información e investigación, sobre todo nas áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, linguas, música,... en todo tipo de soportes, e dinamizados polo profesorado, de cara a aprender a buscar información, seleccionala, tratala, elaborala e plasmala nun traballo axeitado aos obxectivos prantexados.

Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro:

Existe consenso no noso colexio para seguir co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida”, iniciado durante o curso 2003-2004.

A B. E. colabora e coordina a elaboración do Plan Anual de Lectura.

1. Avaliación

Ao final de curso realizarase unha memoria anual que avaliará o grao de cumprimento dos obxectivos, os que quedan pendentes, as actividades realizadas ao longo do curso escolar e as dificultades atopadas.

6.1.- Plan Anual de Lectura.

(Ver Anexo I)

7.- Comisión das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

7.1. Obxectivos.

- Prestar apoio no mantemento dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona e da UAC.
- Evitar a sobrecarga de arquivos e documentos almacenados nos equipos comúns do colexio a través da súa limpeza trimestral.
- Desenvolver actividades de formación relacionadas coas TIC (Plan de formación permanente do profesorado ou grupo de traballo).
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de actividades TIC por parte do profesorado que o solicite a través titorías individuais e grupais.
- Dinamizar a publicación de contidos de actualidade sobre o colexio a través da páxina e galería de imaxes do colexio.
- Colaborar co responsable TIC do equipo do horto escolar na creación e publicación de material audiovisual.
- Plasmar noutros soportes, ademais do informático, actividades no colexio documentadas no ámbito das TIC.
- Informar ás familias do centro sobre as diferentes ferramentas de control parental existentes para unha navegación segura por Internet.
- Iniciar a migracións das PC do centro equipadas con Windows XP cara sistemas operativos de software libre.

8. Departamento de Orientación

8.1. Obxectivos.

RESPECTO AO ALUMNADO:

- Identificar e valorar as competencias e as necesidades educativas do alumnado do centro (avaliación psicopedagóxica).
- Diseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención.
- Elaborar materiais específicos para o tratamento das dificultades dos escolares.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade.

- Continuar elaborando materiais de rexistro, seguimento e avaliación do alumnado.
- Colaborar co equipo docente no desenvolvemento da conciencia fonolóxica dos cativos e cativas como actividade favorecedora da aprendizaxe da linguaxe verbal, nas súas expresións oral e escrita.
- Continuar implementando e/ou complementando o “programa específico personalizado de atención domiciliaria”, dirixido a un alumno escolarizado en infantil con NEAE que foi iniciado o pasado curso.
- Xestionar os recursos persoais, espaciais, materiais, económicos... da unidade de educación especial que foi habilitada no centro, o pasado curso, para un alumno con NEAE de educación primaria, actualmente escolarizado en 2º de EP.

EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS:

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Informar ás familias do alumnado con NEAE sobre a evolución e desenvolvemento educativo e persoal dos seus fillos e fillas.
- Dar a coñecer ás familias os programas, as axudas, as actividades... que ofertan as diversas administracións e organizacións da comunidade educativa.
- Seguir elaborando e ofertando o programa “Hábitos e Técnicas de Estudo”, pero dirixido inicialmente só ás familias do alumnado de educación primaria que xa o iniciaron en cursos anteriores, é dicir; ás familias do alumnado de 2º, 3º, 4º e 5º de E.P. No presente curso modifícanse as datas de presentación do programa, que xa non serán coincidentes coas reunións iniciais de cada titor/a coas familias do seu grupo-clase, e serán estas as que manifesten o seu interese por asistir a dita xornada formativa, cumprimentando unha folla de solicitude que se lles proporcionará ás familias.

CON REFERENCIA AO EQUIPO DOCENTE:

- Colaborar co equipo docente no proceso de avaliación formativa do alumnado e na información ás familias.
- Impulsar a participación do equipo docente en programas de formación, investigación e innovación educativa.
- Elaborar e proporcionarlle materiais adaptados as súas demandas.

- Continuar colaborando na elaboración dun “Protocolo de Conduta”, onde se definirán as actuacións a seguir cando o alumnado manifeste comportamentos disruptivos moi graves, xa iniciado o pasado curso.
- Colaborar na detección e resolución de problemas de convivencia e integración do noso alumnado.

RELATIVO AO CENTRO E A OUTRAS INSTITUCIÓNS:

- Manter unha estreita coordinación entre os diferentes integrantes do departamento de orientación e co profesorado titor, moi especialmente, cando hai un plan de intervención conxunta, cun alumno/a.
- Elaboración de criterios para a toma de decisións do nivel e aula na que vai a ser escolarizado o alumnado inmigrante, no momento da súa incorporación ao centro, no caso de que presente gran desfase curricular e/ou descoñecemento das dúas linguas oficiais da comunidade. A elaboración dos mesmos realizarase conxuntamente coa CCP.
- Continuar mellorando o sistema de arquivo do alumnado atendido, valorando que información da existente no DO, debe formar parte do expediente do alumnado, tendo en conta o artigo 35 do Decreto 229/2011.
- Revisar os criterios de atención prioritaria de alumnado con NEAE.
- Elaboración do Plan de Acción Titorial.
- Participar, no caso de que se leve a cabo, na revisión dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Colaborar cos servizos que prestan atención socioeducativa e sanitaria ao noso alumnado, no marco dunha intervención interdisciplinar.
- Coordinarse cos departamentos de orientación dos institutos: Salvador de Madariaga e Rafael Dieste, e elaborar conxuntamente un protocolo de informe de alumnado con NEAE cos apartados básicos que recollan a información que sexa relevante para o profesorado do novo centro e etapa educativa que vai a traballar co alumno/a.
- Completar o inventario e clasificación dos recursos materiais didácticos do departamento de orientación.
- Colaborar nas actividades complementarias, facilitando e/ou potenciando a integración do alumnado con NEAE.
- Cooperar nas actividades dos distintos equipos de dinamización do centro educativo.

9.- Observatorio da convivencia.

9.1. Obxectivos.

Entre os obxectivos que se pretenden desenvolver dende o Observatorio de Convivencia para o curso 2014/15 están:

- Continuar co desenvolvemento do Observatorio de Convivencia iniciado en cursos anteriores e continuar coas liñas básicas segundo as propostas feitas dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Continuar co Proxecto de centro "Educar para traballar en silencio sen ruído"; evitar ruidos nas entradas e saídas, nos traslados de aula, nos pasillos.
- Revisar o Protocolo Xeral de prevención, feito pola Xunta para prever e evitar o acoso escolar.
- Continuar co control do absentismo escolar dende as titorías, Xefatura de Estudos e Orientación.
- Buscar propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do Observatorio de Convivencia.
- Aplicar o protocolo de actuación ante as condutas disruptivas.
- Tentar dar resposta a situacións conflictivas e problemáticas que poidan xurdir ao longo do curso.
- Control exhaustivo e sistemático da xestión e acción titorial maioritariamente nas sancións e expulsións do alumnado que lles corresponde.
- Aplicación unificada das "Normas de Aula". Coordinación e colaboración de todo o persoal do centro no cumprimento das citadas normas.
- Desenvolvemento de diferentes actividades para a prevención e/ou solución de posibles conflitos que poidan xurdir no ámbito educativo.

10.- Situación das instalacións e equipamento.

Ante o constante incremento do alumnado do centro, as instalacións escolares seguen a ser determinantes para o desenvolvemento armónico das actividades didácticas. Neste senso resulta necesario reseñar novamente a insuficiencia das instalacións do edificio de educación infantil, no que conviven a cotío 217 alumnos/as. 18 docentes, persoal auxiliar coidador... nun espazo inadecuado e con moitas carencias espaciais. Este feito obriga a compartir na mesma dependencia alumnado con problemáticas moi diferenciadas baixo a atención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e carecer dos

espazos axeitados para atender as necesidades do alumnado atendido polo persoal auxiliar coidador.

Por outra banda a carencia de espazos alternativos ás propias aulas obriga tamén ó alumnado e ó profesorado a permanecer practicamente as 5 sesións lectivas na propia aula, sen apenas posibilidade de realizar desdobres para actividades máis lúdicas ou expresivas.

Esta problemática espacial do edificio de educación infantil, tamén ten signos parecidos no edificio de educación primaria, no que tamén son necesarios espazos alternativos ás propias aulas de cada grupo para a realización de apoios máis individualizados ou desdobres para o emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación en grupos menos numerosos.

Estas deficiencias reduciranse notablemente coa inauguración do novo colexio de educación infantil, que permitirá a ubicación do comedor escolar no novo edificio baleirando dúas dependencias no edificio de educación primaria

En canto á mellora das infraestruturas existentes necesitariase:

- Reposición do teped ou herba na zona de xogos de educación infantil.
- Continuar co acondicionamento dos servizos hixiénicos do alumnado no edificio de educación primaria.
- Dotar dun pavimento tipo “tatami” no chan das aulas do primeiro ciclo de primaria.
- Arranxar os paramentos vitrificados de aulas e corredores do edificio de educación primaria para evitar accidentes entre os usuarios do centro.
- Remodelar e adaptar ás necesidades actuais o mobiliario fixo das aulas do centro.
- Insonorización da aula de música e de Audición e Linguaxe.
- Instalación de portas de seguridade anti-incendios.
- Incrementar a superficie cuberta no patio escolar para os días de choiva.

11. Organización do centro.

11.1. Estrutura organizativa.

11.1.1. Equipo directivo

Director: D. José Manuel García Yanes

Xefe de Estudos: D. Horacio Vázquez Boedo

Secretario: D. Antonio Castiñeira Vázquez

11.1.2 Profesorado

Profesorado educación infantil

- 4º Educación Infantil - Grupo A: Dona M^a Eugenia Suárez González-Vallés
(Substituto: Don Rubén Hernández Rouco)
- 4º Educación Infantil - Grupo B: Dona M^a Aurora Candal Miranda
- 4º Educación Infantil - Grupo C: Dona Teresa Bernedo Vilor
- Apoio 4º Educación Infantil: Dona M^a Isabel Rodríguez López
- 5º Educación Infantil - Grupo A: Dona M^a Victoria Mantiñan Canzobre
- 5º Educación Infantil - Grupo B: Dona María Mar Santiago Arca
- 5º Educación Infantil - Grupo C: Dona M^a Josefa Fernández Santiso
- Apoio 5º Educación Infantil: Dona Ana Rodríguez Molares
- 6º Educación Infantil - Grupo A: Dona Consuelo Beiroa Fraga
- 6º Educación Infantil - Grupo B: Dona María J. Rodríguez Rodríguez
- 6º Educación Infantil - Grupo C: Dona M^a Carmen Cruz Ceide
- Apoio 6º Educación Infantil: Dona M^a Pilar Pérez Álvarez

Primeiro/Segundo cursos de primaria.

- 1º A: Dona Paula Pérez Montes (Substituta: Dona M^a Luz García Alvarellos)
- 1º B: Dona M^a Carmen Mazaira Olveira
- 1º C: Dona Manuela Labandeira Vázquez
- 2ºA: Dona M^a Luisa Domínguez Pérez
- 2º B: Dona M^a Carmen Mera Ben
- 2º C: Dona Adosinda Rodríguez Ambrosio

Terceiro/Cuarto cursos de primaria

- 3º A: Don Salvador Espiñeira Riveiros
- 3º B: Dona María Elena Sánchez Seoane
- 3º C: Dona Estrella Guillán García
- 4º A: Don Horacio Vázquez Boedo
- 4º B: Dona M^a Teresa Gavín Bouso (Substituta: Isabel M^a Cuns Muñiz)
- 4º C: Dona Ana M^a Álvarez García

Quinto/Sexto cursos de primaria

- 5º A: Dona M^a Carmen Santos Iglesias
- 5º B: Dona M^a José Cabado López

5º C: Don Antonio Castiñeira Vázquez
6º A: Dona Mª Concepción García Diéguez
6º B: Dona Mª Teresa del Valle Chousa
6º C: Dona Mª José Ferrer Varela

Especialidades

Audición e Linguaxe 1: Dona María Boado Valiño
Audición e Linguaxe 2: Dona Ana Pedreira Márquez (Itinerante)
Educación Física 1: Don José Manuel García Yanes
Educación Física 2: Don José Antonio Borrajo Menor
Educación Física 3: Dona Raquel López Manteiga
Educación Musical 1: Don Pedro de Uña Álvarez
Educación Musical 2: Don Carlos Vigo Lamas
Filoloxía Inglesa 1: Dona Mª Carmen Roel Rodríguez
Filoloxía Inglesa 2: Dona Mª Carmen Vázquez Casanova
Filoloxía Inglesa 3: Dona Rosa Mª Fernández Sánchez
Orientación: Dona Marina Vázquez Mato
Pedagogía Terapéutica 1: Dona Mª Jesús López Vila
Pedagogía Terapéutica 2: Dona Mª Paloma Fraga Couceiro
Pedagogía Terapéutica 3: Dona Mª José Camino Marta
Pedagogía Terapéutica 4: Dona Sandra Mª Sánchez Rodríguez (Aula Específica E.E.)
Relixión Católica 1: Dona Mª José Lago Petisco
Relixión Católica 2: Dona Susana Doval Rodríguez (Itinerante)
Relixión Evanxélica: Dona Hilda Ramos Vázquez

11.1.3. Departamento de Orientación.

Dona Marina Vázquez Mato (Orientadora)
Don Horacio Vázquez Boedo (Xefe de Estudos)
Dona Mª Jesús López Vila (P.T.)
Dona Mª Paloma Fraga Couceiro (P.T.)
Dona Mª José Camino Marta (P.T.)
Dona Sandra Mª Sánchez Rodríguez (P.T.)
Dona María Boado Valiño (A.L.)
Dona Ana Rodríguez Márquez (A.L.)
Dona Mª Pilar Pérez Álvarez (Coord. 2º Ciclo E. Infantil)

11.1.4. Comisi3ns.

COORDINACI3N PEDAG3XICA

- Don Jos3 Manuel Garc3a Yanes (Director) (Comisi3n TIC)
- Don Horacio V3zquez Boedo (X. Estudios)
- Dona M^a Pilar P3rez 3lvarez (Coordinadora 2^o Ciclo EI)
- Dona Manuela Labandeira V3zquez (Coordinadora 1^o Curso EP)
- Dona M^a Luisa Dom3nguez P3rez (Coordinadora 2^o Curso EP)
- Dona Estrella Guill3n Garc3a (Coordinadora 3^o Curso EP)
- Dona Ana M^a 3lvarez Garc3a (Coordinadora 4^o Curso EP)
- Don Antonio Casti3eira V3zquez (Coordinador 5^o Curso EP)
- Dona M^a Concepci3n Garc3a Di3guez (Coordinadora 6^o Curso EP) (EACE)
(Secretaria da CCP)
- Dona Sandra M^a S3nchez Rodr3guez (Coordinadora EDLG)
- Dona Marina V3zquez Mato (Orientadora)
- Dona M^a Carmen Mazaira Olveira (Comisi3n de Biblioteca)

EQUIPO DINAMIZACI3N LINGUA GALEGA

Representantes do 2^o Ciclo de Ed. Infantil:

- * *Dona Teresa Bernedo Vilor (Horto)*
- * Dona Mar3a J. Rodr3guez Rodr3guez
- * Dona M^a Isabel Rodr3guez L3pez
- * *Dona Consuelo Beiroa Fraga (Horto)*

Representantes de 1^o/2^o Cursos de Ed. Primaria:

- * Dona Mar3a Boado Vali3o
- * Dona Sandra M^a S3nchez Rodr3guez (**Coordinadora**)
- * Dona M^a Luisa Dom3nguez P3rez
- * *Dona M^a Carmen Mera Ben (Horto)*

Representantes de 3^o/4^o Cursos de Ed. Primaria:

- * Dona M^a Elena S3nchez Seoane
- * Don Horacio V3zquez Boedo

Representantes de 5^o/6^o Cursos de Ed. Primaria:

- * Dona M^a Jos3s L3pez Vila
- * Dona M^a Jos3 Cabado L3pez

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Representantes do 2º Ciclo de Ed. Infantil:

- * Dona Aurora Candal Miranda
- * Dona M^a Carmen Cruz Ceide
- * Dona Ana Pedreira Márquez
- * Dona Marina Vázquez Mato
- * Dona M^a José Camino Marta

Representantes de 1º/2º Cursos de Ed. Primaria:

- * Dona Paloma Fraga Couceiro
- * Dona Paula Pérez Montes (Substituta: Dona M^a Luz García Alvarelos)

Representantes do 3º/4º Cursos de Ed. Primaria:

- * Dona Estrella Guillán García
- * Don José Antonio Borrajo Menor

Representantes do 5º/6º Cursos de Ed. Primaria:

- * Don Pedro de Uña Álvarez
- * **Dona M^a Concepción García Diéguez (Coordinadora)**

BIBLIOTECA

Representantes do 2º Ciclo de Ed. Infantil:

- * Dona M^a Victoria Mantiñán Canzobre
- * Dona M^a Pilar Pérez Álvarez
- * Dona M^a Eugenia Suárez González-Vallés
(Substituto: Don Rubén Hernández Rouco)
- * Dona M^a Josefa Fernández Santiso

Representantes de 1º/2º Cursos de Ed. Primaria:

- * Dona Manuela Labandeira Vázquez
- * **Dona M^a Carmen Mazaira Oliveira (Coordinadora)**
- * Dona Adosinda Rodríguez Ambrosio
- * Dona M^a Carmen Roel Rodríguez

Representantes de 3º/4º Cursos de Ed. Primaria:

- * Don Salvador Espiñeira Riveiros
- * Dona Ana M^a Álvarez García

Representantes de 5º/6º Cursos de Ed. Primaria:

- * Dona M^a José Ferrer Varela

- * Dona M^a José Lago Petisco
- * Dona Hilda Ramos Vázquez
- * Dona M^a Carmen Santos Iglesias
- * *Dona M^a Teresa del Valle Chousa (Horto)*

COMISIÓN HORTO ESCOLAR

- * *Dona M^a Teresa del Valle Chousa (5º/6º Cursos de E. Primaria)*
- * *Dona Consuelo Beiroa Fraga (2º Ciclo E. Infantil)*
- * *Dona Teresa Bernedo Vilor (2º Ciclo E. Infantil)*
- * *Dona M^a Carmen Mera Ben (1º/2º Cursos E. Primaria)*
- * ***Dona M^a Teresa Gavín Bouso (Coordinadora) (3º/4º Cursos de E. Primaria)***
- * *Dona Elena Sánchez Seoane (3º/4º Cursos de E. Primaria)*
- * *Dona M^a José Cabado López (5º/6º Cursos de E. Primaria)*
- * *Dona M^a Carmen Santos Iglesias (5º/6º Cursos de E. Primaria)*

COMISIÓN TIC

- * *Dona Susana Doval Rodríguez (2º Ciclo E. Infantil)*
- * *Don Carlos Vigo Lamas (2º Ciclo E. Infantil)*
- * *Dona Mar Santiago Arca (2º Ciclo E. Infantil)*
- * *Dona Ana Rodríguez Molaes (2º Ciclo E. Infantil)*
- * *Dona Raquel López Manteiga (1º/2º Cursos E. Primaria)*
- * *Dona M^a Carmen Vázquez Casanova (3º/4º Cursos de E. Primaria)*
- * *Dona M^a Teresa Gavín Bouso (Horto) (3º/4º Cursos de E. Primaria)*
- * *Don Antonio Castiñeira Vázquez (5º/6º Cursos de E. Primaria)*
- * *Dona Rosa M^a Fernández Sánchez (5º/6º Cursos de E. Primaria)*
- * ***Don José Manuel García Yanes (Coordinador TIC/Abalar) (5º/6º Cursos EP)***

11.1.5. Observatorio da Convivencia.

Director: Don José Manuel García Yanes

Xefe de Estudos: Don Horacio Vázquez Boedo

Representantes do profesorado:

Dona Consuelo Beiroa Fraga

Dona Aurora Candal Miranda

Dona M^a Teresa Gavin Bouso

Dona Manuela Labandeira Vázquez

Representante das familias: Dona Lourdes Otero Rodríguez

Responsable de coed. e igualdade: Dona M^a Concepción García Diéguez

Orientadora: Dona Marina Vázquez Mato

Representante do PND: Dona Marina Lorenzo Fernández

Representantes do alumnado: Alba González López (6º curso EP)

Dinamizador/a Observatorio da Convivencia: Don Horacio Vázquez Boedo (X.Estudios)

11.1.6. Outras estruturas organizativas.

Coordinadora Biblioteca Escolar: Dona M^a Carmen Mazaira Olveira

Coordinadora do EDLG: Dona Sandra M^a Sánchez Rodríguez

Coordinadora do EACE: Dona Concepción García Diéguez

Coordinador TIC/ABALAR: Don José Manuel García Yanes

Coordinadora do Horto Escolar/Voz Natura: Dona M^a Teresa Gavín Bouso

11.1.7. Comisión de coordinación da avaliación diagnóstica

- Don José Manuel García Yanes (Director)
- Don Horacio Vázquez Boedo (X. Estudios)
- Dona Marina Vázquez Mato (Orientadora)
- Dona M^a Teresa Gavín Bouso (Titira de 4º curso de EP)
(Substituta: Isabel M^a Cuns Muñiz)

11.2. Persoal non docente

Conserxe:

Dona Marina Lorenzo Fernández

Dona M^a Jesús Barcón Carrodegua (mañás)

Auxiliar Administrativo: D. Manuel Jesús Boquete Pérez

Coidadoras:

Dona M^a Jesús Mata Espiñeira

Dona M^a Rosario González Núñez

Dona Mery Eliana Aliaga Bonilla

Dona Pilar Matos Caridad (Itinerante)

11.3. Organización pedagógica

Calendario de reunións de coordinación (luns pola tarde ás 17:00 horas)

1º Luns: Reunións de profesorado de Nivel / Especialidade / 2º Ciclo E. Infantil

2º Luns: Reunións de Equipos e Comisións

3º Luns: Reunións de profesorado de Nivel / Especialidade / 2º Ciclo E. Infantil

4º Luns: Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

As restantes sesións complementarias semanais adicaranse a: Claustros, Consellos Escolares, sesións de avaliación, formación do profesorado, gardas de biblioteca e dinamizacións.

11.4. Estatística do número de alumnos ó comezo do curso.

Comezamos este curso cun total de 650 alumnos/as distribuídos como segue:

-3 unidades de 4º Curso Educación Infantil con 66 alumnos/as

-3 unidades de 5º Curso Educación Infantil con 73 alumnos/as

-3 unidades de 6º Curso Educación Infantil con 77 alumnos/as

(2 por riba de ratio orden Xefatura Territorial da Consellería de Educación)

-3 unidades de 1º curso / 1º ciclo de primaria con 66 alumnos/as

-3 unidades de 2º curso / 1º ciclo de primaria con 77 alumnos/as

(2 por riba de ratio ocupados por alumnos/as repetidores)

-3 unidades de 1º curso / 2º ciclo de primaria con 73 alumnos/as

-3 unidades de 2º curso / 2º ciclo de primaria con 71 alumnos/as

-3 unidades de 1º curso / 3º ciclo de primaria con 73 alumnos/as

-3 unidades de 2º curso / 3º ciclo de primaria con 74 alumnos/as

Respecto á capacidade máxima do centro supón unha ocupación do 97,55 %.

Á vista destes datos e a evolución da matrícula no último ano sitúa ao centro a 17 prazas de completar a totalidade da oferta posible (667 alumnos/as).

12. Plan de actuación dos órganos colexiados e do equipo directivo

↳ Claustro de Profesores

Planificará, coordinará e decidirá sobre os aspectos docentes. Celebrará, como mínimo, unha reunión trimestral e sempre que as necesidades do centro así o demanden. As reunións do Claustro de Profesores serán preferentemente os luns pola tarde.

Consello Escolar

Como órgano de participación dos distintos sectores da comunidade escolar, reunirse sempre que o centro así o precise e, como mínimo, unha vez ó inicio e outra ó remate do curso. A celebración dos Consellos Escolares será, na medida do posible, os luns pola tarde.

Equipo Directivo

Adicará á atención das súas respectivas funcións. Reunirse unha vez á semana

13. Vixilancia nos recreos.

Segundo a distribución en quendas do cadro ANEXO II.

14. Horario xeral do centro e criterios para a súa elaboración

A xornada diaria de atención ó alumnado será:

- De 7:30 a 9:00 horas. Programa Madrugadores (almorzos saudables)
- De 09:00 a 14:00 horas. Xornada lectiva atendida polo profesorado do centro.
- De 14:00 a 16:00. Comedor escolar.
- De 16:00 a 18:00 horas. Biblioteca e programa de extraescolares proposto polo ANPA Milnen@s.
- De 18:00 a 19:00 horas. Actividades extraescolares do ANPA Milnen@s e Club Deportivo Los Rosales.

